

Concello de Ponteareas

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DE MAIORES 2026

1.- INSCRICIÓN

Poderán participar no concurso de disfraces de maiores todas as persoas ou grupos con un máximo de 3 compoñentes e cunha idade mínima de 13 anos. As os interesadas/os en participar terán que presentar unha solicitude través da Sede Electrónica, ou a través do rexistro de entrada do Concello de Ponteareas antes das **13 h do 16 de febreiro de 2026**.

O concurso celebrarase o luns, día 16 de febreiro de 2026 na Praza Maior e en caso de choiva trasladarase á sala multiúsos do Auditorio Municipal de Ponteareas.

No momento da inscrición as/os menores de idade deben presentar unha autorización asinada pola/o nai/pai/titor/a legal na que se autorice a participación e para poder fotografar ou gravar imaxes da/do menor para difundir polas redes sociais.

Coa inscrición as/os participantes aceptan que o Concello de Ponteareas poida comprobar que non teñen débedas coa Seguridade Social, e coas axencias tributarias nacional e autonómica (AEAT e ATRIGA).

Xunto coa inscrición deben entregar a Ficha de Terceiros debidamente cumprimentada, ou ben, se xa se presentou noutra ocasión, presentar o certificado da conta actualizado.

O número máximo de participantes será de **30 inscricións**. A orde de participación será a de inscrición.

2.- PREMIOS

As persoas participantes deberán esperar ao remate do concurso, para comunicarlles o resultado do mesmo. Os premios entregaranse ao remate do concurso, deberán recollelos co disfraz co que se presentaron posto, sexa a título individual ou colectivo, en caso contrario, serán descalificados.



Concello de Ponteareas

As persoas participantes recollerán un vale polo valor do premio que se ingresará unha vez realizados os trámites administrativos establecidos pola lei vixente. Outorgaranse os seguintes premios:

- o Primeiro premio: un premio en metálico por valor de 400 €
- o Segundo premio: un premio en metálico por valor de 250 €
- o Terceiro premio: un premio en metálico por valor de 175 €
- o Cuarto premio: un premio por metálico por valor de 100 €
- o Quinto premio: un premio en metálico por valor de 75 €

Os premios recollidos nestas bases, por un importe máximo de 1000 euros, concederanse con cargo ao orzamento municipal do ano 2026 partida 33000-4802015.

Estas premios están suxeitos ás correspondentes retencións, agás no caso que corresponda exención.

3.- XURADO

O xurado estará integrado por persoas relacionadas coa vida cultural, social e artística e valorará a orixinalidade, colorido dos disfraces, o traballo e bo gusto na súa realización. Valoraranse especialmente aqueles disfraces que sexan de confección artesanal e non presentados noutros certames ou concursos. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. O fallo do xurado será inapelábel.

4.- PUBLICIDADE

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS, en adiante) comunicaráselle esta subvención á Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais publicaranse no Taboleiro de Anuncios electrónico e na páxina web do Concello, así mesmo publicarase o resultado das mesmas nos mesmos medios.



Concello de Ponteareas

5.- DISPOSICIÓN FINAL

Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso de disfraces supón a aceptación das presentes bases.

Queda prohibido o uso de materiais perigosos que poñan en perigo a integridade dos presentes.

O Concello non se fará responsable dos danos ocasionados antes, durante e despois do concurso nin os ocasionados ou sufridos por actitudes negligentes e/ou imprudentes dos participantes

6- PROTECCIÓN DE DATOS

INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.E REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS INTERESE PÚBLICO E O ART. 8 Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais)

Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais? Concello de Ponteareas [P3604200]]. Dirección Postal: Xardíns da Xiralda s/n. Ponteareas. 36860 Pontevedra. Teléfono: 986640000. Correo electrónico: info@ponteareas.gal

Correo postal: Rexistro Xeral. Xardíns da Xiralda s/n. Ponteareas. 36860 Pontevedra

Delegado de Protección de Datos. Datos de contacto: dpd@ponteareas.gal

Con que finalidade tratamos os seus datos? Nesta Entidade tratamos a información obtida coa finalidade de poder tramitar os procedemento que regula os PREMIOS E AXUDAS DO DESFILE DE COMPARSAS DO ENTROIDO 2025.

Por canto tempo conservaremos os seus datos? Almacenamos os datos durante o tempo necesario para poder cumprir coa tramitación deste procedemento, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. De conformidade co regulado no artigo 26 da Lei 3/2018 (LOPD-GDD) será lícito o tratamento por esta Entidade dos datos con fins de arquivo en

Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647



Concello de Ponteareas

interese público, sempre cumprindo coa normativa vixente de arquivos e documentación.

Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais? A base legal para o tratamento dos seus datos é o seu consentimento coa solicitude de participación.

A que destinatarios comunicaranse os seus datos? Os datos comunicaranse a outras Administracións Públicas sempre que sexa necesario para cumprir con fins relacionados coas competencias legais das administracións.

Cales son os seus dereitos en relación cos datos facilitados?

Calquera persoa ten ****dereito a obter información ****sobre se nesta Entidade se están tratando os seus datos persoais ou non. As persoas interesadas teñen ****dereito a acceder ****aos seus datos persoais, ao prazo de conservación dos seus datos, mesmo a obter una copia dos datos obxecto do tratamento. Así mesmo, ten ****dereito de rectificación ****dos datos se son inexactos. (Por exemplo, pode solicitar una rectificación do seu domicilio, un cambio de nome, etc.). Os interesados teñen ****dereito á limitación do tratamento, ****para iso deberán de solicitalo ao responsable, o cal deberá de suspender o tratamento dos datos cando os cidadáns soliciten a rectificación ou supresión dos seus datos, ata que se resolva a súa solicitude. Os interesados poderán exercer o ****dereito de supresión ****(dereito ao esquecemento) sempre que se dean as circunstancias enumeradas no RGPD e segundo o regulado no artigo 15 da LOPD-GDD. O afectado pode exercer o ****dereito de oposición ****ao tratamento, sempre por motivos relacionados coa súa situación persoal, coa excepción do que se acredite un interese lexítimo, ou sexa necesario para o exercicio ou defensa de reclamacións. Igualmente, cando o tratamento teña por obxecto a mercadotecnia directa. O interesado terá ****dereito á portabilidade ****a obter os datos nun formato estruturado, de uso común e de lectura mecánica, e a transmitirlos a outro responsable do tratamento cando o tratamento estea baseado no consentimento ou se efectúe por medios automatizados

Os interesados poderán exercer os dereitos enumerados nos parágrafos anteriores, a través dos formularios dispoñibles na sede electrónica desta entidade ou remitindo á mesma un escrito por



Concello de Ponteareas

correo postal.

Cando podo exercer o dereito de reclamación ante a Autoridade de Control? Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>

